

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

*RESOLUCIÓN do 11 de outubro de 2021, do tribunal designado para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional no proceso convocado pola Resolución do 14 de maio de 2021, pola que se dá publicidade de diversos acordos.*

En sesión que tivo lugar o 11.10.2021, o tribunal nomeado pola Resolución da Dirección Xeral de Administración Local para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional no proceso convocado pola Resolución do 14 de maio de 2021,

**ACORDOU:**

Primeiro. Publicar, na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR410A> e no portal de servizos web Eido local, as puntuacións obtidas na proba tipo test, o resultado da proba de galego, se for o caso, e os méritos baremados das persoas aspirantes.

Segundo. De acordo co disposto no artigo 5.5 da Orde do 30 de novembro de 2017, pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional (DOG do 1 de decembro), os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas sobre a puntuación obtida na proba tipo test e na proba de galego, se for o caso, e sobre os méritos baremados, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a directora xeral de Administración Local nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2021

Javier Enrique Fraga Campo  
Presidente do tribunal

